

Protocolo Covid-19 – BIBLIOTECA ESCOLAR

CEIP Saco e Arce

A aplicación deste protocolo estará sempre ligada as necesidades do centro e ao que dispoñan as autoridades sanitarias.

1. Dado que a nosa biblioteca é bastante grande, terá o **aforo** que corresponda ao número de alumnos/as dun aula, sempre cumprindo as condicións de seguridade axeitadas e a distancia do alumnado.

Limitarase a asistencia por titorías, so podendo facer uso do espazo os alumnos/as pertencentes a un curso, sen mesturarse con outros, seguindo o **horario** establecido para cada aula.

2. Acceso

Accederase á Biblioteca pola porta principal e sairase pola porta do Espazo de Literatura Infantil gardando sempre a distancia de seguridade e **empregando a máscara**.

Antes de entrar, o alumnado deberá hixienizar os pés pisando na *alfombra* posta para tal fin e as mans empregando *xel hidroalcohólico*.

3. **Préstamos**: Se alguén quere levar libros prestados deberá comunicarllo ao profesor ou á profesora que estea na Biblioteca, non podendo collelos directamente dos andeis.

O alumnado poderá facer uso do catalogo da nosa Biblioteca no programa Meiga

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=OEC047>

para seleccionar o/s libros/s que quere solicitar, ou baixar nunha das horas que estea co/a titor/a e deixar o libro/s elixidos na caixa de préstamos do seu curso, xunto co seu nº de carné de lector.

Tamén poderán facer uso dos fondos da nosa e-biblio

<https://sites.google.com/view/biblioteca-dixital-ceip-saco-e/benvida?authuser=0> onde

se poden descargar os títulos dos que dispoñemos.

E empregar a Plataforma ELBE-2 das Bibliotecas escolares de Galicia

<http://bega-elbe2.edu.xunta.es/opac/#indice> co nome de usuario e

contrasinal que se lle facilitará a cada mestre/a

4. A **devolución** de libros ou outro material realizarase de xeito persoal non podendo un alumno/a traer os libros dun compañeiro/a.

No momento da devolución só poderá haber unha persoa no mostrador da

Biblioteca. Se hai máis alumnos/as gardarán a distancia de seguridade.

Os libros devoltos deberán permanecer en **caixas** convenientemente identificadas e illadas como mínimo 3 días. Antes de volveren aos andeis serán convenientemente desinfectados

5. Estancia na biblioteca:

O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala que se manterá ventilada convenientemente sempre que se poida.

Ca fin de manter a distancia de seguridade so poderán ser empregados os postos sinalados en cada un dos recantos. As cadeiras e sillóns estarán colocados nun determinado sitio, mantendo a distancia de seguridade, e non poderán ser movidos.

Ao rematar, os usuarios hixienizarán os postos que teñan ocupado



. En caso de precisar un libro ou outro tipo de material, o profesor será o encargado de collelo dos andeis.

Evitarase o uso de **xogos de mesa** e outros materiais cando impliquen un uso compartido.

Poderán empregarse os de **uso individual**, e deberán deixarse perfectamente limpos



6. Mochilas Viaxeiras

Habilitaranse tantas mochilas como aulas hai no centro, excepto en 1º de EP onde, debido ao número de alumnos/as, disporán de dúas mochilas

As mochilas viaxaran ás casas de luns a venres, e quedarán illadas no centro durante a fin de semana, para asegurar unha mellor hixienización.



Nas casas, o alumnado e as familias procurarán hixienizar as mans (con auga e xabón ou xel hidro -alcohólico) antes de usar os materiais que contén a mochila. Non poderán compartir os materiais da mochila con ningunha persoa fóra do súa familia

7. Bolsas de E.I

Cada alumno/a terá a súa bolsa, que levará o seu nome e será intransferible. Non se mesturarán unhas bolsas con outras ao seren devoltas. Os libros devoltos quedarán illados en caixas ata seren hixienizados.

Nas casas, o alumnado e as familias procurarán hixienizar as mans (con auga e xabón ou xel hidro-alcohólico) antes de usar os materiais que contén a bolsa.

Non poderán compartir os materiais da mochila con ningunha persoa fóra do seu grupo familiar

8. Apadriñamentos lectores

Polo de agora, tanto os apadriñamentos lectores como o Conto dos Martes, faranse de xeito virtual empregando o sistema de videoconferencia

9. Equipos e Material Informático e Multimedia

Cada usuaria/o deberá desinfectar ben as mans antes do uso.

Antes de saír, deberá deixar hixienizado o posto que utilizou . Isto inclúe tamén ordenador, rato, alfombrilla ... e outros materiais empregados tales coma tablets ou lectores electrónicos



A **Radio Tarabela** porase a funcionar con todas as medidas de seguridade que a lei impón. Antes de acender os aparellos, os usuarios deberán facer a labor de limpeza e desinfección cos produtos axeitados. Cada micrófono estará cuberto cun protector desbotable.

10. Formación.

As formacións do alumnado e do profesorado serán a meirande parte telemáticas. Farase fincapé naquelas que teñan que ver coas TICS: acceso o blog, plataformas para traballar na distancia, o catálogo online, busca de información....

Planificaremos unha nova formación de usuarios , implicando ao alumnado voluntario (que graven tutoriais e fagan a cartelería empregando tamén pictogramas ...) coas normas básicas de uso da biblioteca